



**Ilmo Concello de  
CAMBADOS**  
(Pontevedra)



**Ilmo. Concello de Cambados**  
Praza do Concello, 1 – 36630 Cambados  
Tif.: 986520902/43– Fax: 986524866  
[www.cambados.es](http://www.cambados.es)

## **PROXECTO IRMANAMENTO CAMBADOS-CIGALES**

O Concello de Cambados está traballando no irmanamento coa localidade vallisoletana de Cigales, “cuna do viño” Clarete, para establecer lazos de unión en torno á cultura do viño, a gastronomía, a historia e o patrimonio.

Cambados “Capital do viño Albariño” con tradición vitivinícola histórica e coa Festa do Albariño de interés turístico nacional, busca crear lazos de unión con Cigales que conta entre as súas celebracións anuais máis importantes do ano coa Festa da Vendima; con este irmanamento buscábase promocionar conxuntamente a cultura e tradición do viño de ambas localidades así como a cooperación en desenvolver un programa anual de actividades entre ambos para a promoción turística, cultural e enogastronómica de ambas localidades.

Cigales Terra de Rosados e Tintos, Cambados Vila do Albariño, ambas localidades con Denominación de Orixe e cun potencial gastronómico e enolóxico recoñecido Internacionalmente e un rico Patrimonio Histórico-Artístico estudian poder desenvolver ó longo do ano 2018 accións conxuntas como:

- Participación en Feiras e presentacións conxuntas de ambas localidades.
- Colaboración na promoción das Festas da Vendima así como encontros gastronómicos e enolóxicos.
- Encontros folclóricos.
- Xornadas Culturais, ciclos de conferencias e xornadas técnicas.
- Xornadas gastronómicas de tapas e albariños en Cigales e Tapas e Rosados en Cambados aunando viño e gastronomía.

A localidade de Cigales valorou moi positivamente este irmanamento dende o primeiro momento coa súa Alcaldesa ó fronte, debido á cercanía de ambas localidades, o que posibilitaría un intercambio de accións; igualmente é moi relevante a importancia da diversidade e diferencias de ambas zonas que ó xuntarse poden crear importantes sinerxias para ambas localidades donde a cultura, o viño e a gastronomía serían os pilares fundamentais do irmanamento.



**Ilmo Concello de  
CAMBADOS**  
(Pontevedra)



**Ilmo. Concello de Cambados**  
Praza do Concello, 1 – 36630 Cambados  
Tif.: 986520902/43– Fax: 986524866  
[www.cambados.es](http://www.cambados.es)

Cambados e Cigales, ambos socios de Acevin e Recevín; fundamentais na creación das Rutas do Viño Rías Baixas e Cigales, e ambas localidades cabeza visible das súas respectivas denominacións de orixe, Rías Baixas e a de Cigales polo que os nexos de unión entre ambas son moi fortes polo traballo e promoción que levan anos desenvolvendo nas súas respectivas zonas.

Este breve proxecto é o que se espera dé comezo a una fructífera colaboración entre ambas vilas; os responsables das Oficinas de Turismo están traballando en proxectos conxuntos esperando que este irmanamento poida certificarse o próximo ano 2018.